

Á atención dos medios de comunicación:

A Gala de Clausura do I Festival da Madama de Sanxenxo, o sábado 21 a partires das 21 horas

- O acto terá lugar no Auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán e contará coa asistencia dos equipos das curtametraxes participantes no certame.
- Durante a Gala daranse a coñecer os títulos das curtas gañadoras desta primeira edición.

Vilagarcía de Arousa, 20 de febreiro de 2009-. O sábado 21 terá lugar no Auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán de Sanxenxo a Gala de Clausura do I Festival da Madama, que durante tres días quixo chamar a atención sobre o importante papel da muller no eido da creación audiovisual, ben como propia creadora cunha ollada persoal e particular ou ben como inspiración para a mesma, como reflexo da ollada do outro.

A cita será a partires das 21 horas e servirá para dar a coñecer os títulos das curtametraxes gañadoras desta primeira edición. Serán dúas películas, unha de animación e outra de ficción, que un xurado integrado pola actriz Tamara Canosa, a docente Olaia Sendón e a produtora Susana Maceiras escolleron de entre un total de 28 seleccionadas para concurso. Os premios correspondentes serán de 1000 euros no caso do galardón á Mellor Curtametraxe de Ficción e de 500 euros no da Mellor Curtametraxe de Animación. O Premio do Público, dotado con 500 euros, tamén se coñecerá durante a Gala.

Ademais de contar coa presenza e participación dos equipos das curtametraxes participantes no certame, está previsto que os asistentes poidan presenciar a estrea de dúas obras fóra de concurso. Por unha banda, *Pode ser*, de Carlos Seijo, producida no marco do consolidado Festival On&Off que cada ano se celebra en Ribadeo da man de Mr. Misto Films. A proxección da curta abrirá a Gala, e tanto o seu director coma o equipo técnico e artístico que participou na súa elaboración, cos actores Camila Bossa e Tonhito de Poi á cabeza, estarán presentes no Auditorio. *Caracolas*, de Miguel Caruncho e Premio á Mellor Curtametraxe rodada en Sanxenxo neste Festival, proxectarase a partires das 21.15 horas e contará tamén coa presenza de director e equipo técnico e artístico, neste caso con Mariana Carballal e Vicente Montoto como caras máis coñecidas.

Será, pois, unha Gala emocionante na que tamén se rendirá homenaxe á traxectoria vital e profesional dunha destacada produtora galega, Susana Maceiras, membro do xurado do Festival e artífice do éxito de películas como *O neno de barro*, que se proxecta hoxe a partires das 21 horas dentro da programación prevista. Maceiras recibirá a Madama de Honra á Traxectoria pola súa dilatada e prolífica carreira no mundo do audiovisual.

O público asistente á Gala poderá disfrutar, pois, dunha auténtica noite de cinema, interactuando cos equipos dos filmes participantes e comprobando que, tamén a nivel cinematográfico, a muller ten moito que decir e, sobre todo, moito que amosar.

Saúdos cordiais de Mr. Misto Films.